



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E O CONCELLO DE DE LALÍN PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA RESPIRO FAMILIAR "LALÍN ACTIVA" PARA O EXERCICIO 2023.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con maiores, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

Que con carácter específico, corresponden, entre outras, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Xuventude en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial. En particular, ten encomendadas as funcións relativas ao fomento e á promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación das persoas maiores e persoas con discapacidade na sociedade e da mellora da súa calidade de vida, así como todas aquelas accións que faciliten a súa promoción, integración social e participación activa.

Para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, os concellos de Galicia poden crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente.

A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude das actuacións que o Concello de Lalín ten previsto desenvolver durante o ano 2023, de cara a proporcionar espazos de espaxamento dirixidos ás persoas maiores partindo das necesidades de conciliación e respiro familiar demandadas polos seus familiares para fomentar a conciliación laboral e de tempo libre. Este programa levarase a cabo en 10 puntos xeográficos do Concello de Lalín, que serán as parroquias rurais que cubran a maior parte do territorio de Concello. Trátase de proporcionar aos familiares, homes e mulleres ao cargo destes/destas maiores, a posibilidade de desfrutar dun respiro familiar ou de empregar este programa para conciliar a súa vida individual, familiar ou laboral.

As actividades programadas :

- Estimulación cognitiva: orientación, atención, esquema corporal, percepción e abstracción.
(actividades escritas e orais nas que se traballan capacidades como a memoria, a linguaxe, a escritura, o cálculo, a orientación, o recoñecemento, a atención, ...)
- Estimulación sensorial.
- Dinámicas grupais: grupos de reminiscencia, grupos de actualidade, debates.





- Actividades de psicomotricidade.
- Xogos de lóxica e de palabras.
- Manualidades e distintos obradoiros para manter as habilidades e adquirilas.
- Apoio psicolóxico e motivación.
- Terapia Ocupacional dirixida á prevención, ó mantemento e á recuperación das habilidades básicas para as actividades da vida diaria.
- Realización de actividades que favorecen o ocio e as relacións interpersoais.
- Actividades interxeracionais.
- Información periódica á familia e aos/ás cuidadores/as habituais.
- Propiciar a colaboración familiar ou a dos seus/súas cuidadores/as habituais.
- Sesións de ximnasia e rehabilitación física.
- Sesións de musicoterapia e cancionero popular (onde a través da música e dos instrumentos se traballa o ritmo, a coordinación motora, a memoria, mellorase a autoestima...).
- As sesións lúdicas e festivas desenvólvense coa intención de favorecer as relacións sociais dos/as usuarios/as tanto con usuario/as da súa xeración como actividade interxeracional con asociacións e colectivos do Concello.
- Actividades específicas de Terapia Ocupacional con persoas enfermas de Alzheimer.
- Abordaxe terapéutico dende a orientación psicolóxica dos/as usuarios/as con demencia.
- Consellos e cursos prácticos dirixidos ás familias e cuidadores/as habituais para a convivencia cun/cunha usuario/a con enfermidade de Alzhéimer.

Para o cumprimento da finalidade prevista neste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude aportará setenta e cinco mil euros (75.000,00 €), que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.05.312E.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio e ata o 31 de decembro de 2023, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2023.

O carácter singular deste convenio en base ás razóns que acreditan o interese social do mesmo, radica nas características xeográficas e demográficas do concello. Unha porcentaxe significativa das persoas maiores do Concello de Lalín ten dificultades para afrontar os problemas propios da idade, participar no tempo de ocio, desfrutar do cotián e ocupar o tempo libre de xeito satisfactorio. Esta situación pode levar consigo un risco de progresivo illamento social e de exclusión que se agrava máis nas parroquias máis rurais.

No Concello de Lalín moitas persoas maiores conviven coas súas familias e debido ás ocupacións laborais destas pasan moito tempo soas, da mesma maneira os familiares e responsables destas





persoas maiores inverten boa parte do seu tempo na atención destes familiares, o que acorta de maneira importante a dispoñibilidade de tempo para realizar actividades laborais, de tempo libre e ocio.

Por outra parte hai persoas, maioritariamente mulleres, que se ven afectadas nas súas posibilidades de acceder a un posto de traballo por ser as principais cuidadoras destes familiares.

En relación ás razóns que motivan a concesión de forma directa desta subvención debido á dificultade da súa convocatoria pública, en base aos artigos 19.4,c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, radica na particularidade e exclusividade da entidade que desenvolve estes programas que é o Concello de Lalín. Tendo en conta as características da poboación, con este proxecto preténdese facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, á vez que proporcione un respiro familiar aos cuidadores de maiores e aos maiores propiamente, para prestarlles atencións específicas contribuíntes a manter ou mellorar as súas capacidades cognitivas, físicas e sensoriais, de xeito que poidan permanecer integrados perfectamente no seu contorno.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
Antonio Acevedo Prado

